

A necesaria adaptación ás cada vez menos novas tecnoloxías

Luis Verde Remeseiro
Médico e Xestor Sanitario

Cad Aten Primaria
Ano 2009
Volume 16
Páx. 344-344

A novas tecnoloxías, e concretamente as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), supuxeron unha auténtica revolución na xestión e a prestación de asistencia sanitaria. Pero habemos de ter en conta que neste sector, o novo se converte en vello dun día para outro.

As cousas están a cambiar, cambiaron, estanse a multiplicar os soportes, as linguaxes, evolucionou Internet, naceron as redes sociais, modificouse en definitiva a forma de traballar e está universalmente aceptado, que o futuro pasa pola rede e polo avance imparabile das TIC, para as que non existen barreiras. Volveuse imprescindible achegar as TIC á sociedade e aos profesionais, superar a brecha dixital e acadar a converxencia cos países dos nosos arredores, para o que resulta necesaria a alfabetización de usuarios e profesionais no emprego destas novas ferramentas.

Habemos de facilitar o uso das TIC aos nosos pacientes, aos que lles segue resultando moito máis doado contactar co seu médico por vía telefónica, con toda a dificultade que iso leva consigo, que vía correo electrónico. Non explotamos máis que unha mínima parte das posibilidades que esta ferramenta ten e xa nos quedou atrás; xa os adolescentes e novos, deste e doutros países, utilizan outras plataformas de comunicación, sendo para eles o uso do correo electrónico algo residual, similar ao que pode ser para alguén nacido na década dos sesenta o correo postal.

É certo que son moitos os avances realizados no noso Sistema de Saúde, en materia de rexistro e xestión da información en soporte dixital, dispoñemos de historia clínica e de sistemas de prescrición farmacéutica electrónicas, sistemas de dixitalización das imaxes, e unha morea de ferramentas informáticas que facilitan o intercambio de información entre os profesionais clínicos do mesmo e de diferente nivel asistencial. É necesario agora, facer que este desenvolvemento da sanidade electrónica chegue ao paciente e posibilitar que este poida acceder vía web a ver o seu expediente médico, recibir resultados das súas probas médicas, das súas análíticas, consultar o seu estado de vacinación, as alerxias rexistradas, os de informes alta, o seu plan de citas, etc.

Hai que dar facilidades para que poida comunicarse co seu médico a través da rede, e que poida recibir instrucións e formación en autocoidados, e mesmo programas de axuda para prepararse para determinadas operacións e procedementos. Isto contribuirá a dar unha maior seguridade ao paciente e reducirá de forma considerable o número de visitas que este terá que realizar aos servizos asistenciais.

Realizouse un enorme esforzo para dotarnos de equipos, sistemas e aplicativos informáticos que facilitan aos xestores, aos clínicos e aos pacientes a xestión da información clínica e a asistencia; pero está claro que no que non acertamos foi na coordinación destes esforzos, e actualmente solo en ocasións, é posible compartir a información entre os profesionais de centros do mesmo nivel asistencial, en ocasións tamén entre niveis dunha mesma área sanitaria, pero superar o ámbito da área, e xa non digamos superar as liñas que estableceron os distintos Servizos Autonómicos de Saúde, é misión imposible.

Hai unha necesidade imperiosa de concentrar esforzos e traballar na integración de aplicacións e rexistros, para facilitar o intercambio de información. É preciso unificar criterios á hora de establecer sistemas de identificación de pacientes e de xestión da información clínica no noso Sistema Nacional de Saúde, ou pola contra, todo o esforzo e inversión que se están a realizar na incorporación das novas tecnoloxías á asistencia quedaría só en iso, esforzo, cuns resultados e beneficios, moi por debaixo das posibilidades que ofrecen estas ferramentas. Cada vez será máis necesario compartir esta información, xa non só entre os profesionais do noso SNS, senón con profesionais doutros países, as persoas maiores cada vez viaxan máis, se xubilan instálanse en países ou zonas distintas á que foi o seu lugar de traballo e residencia. Os mozos realizan e completan os seus estudos universitarios, xa non só en distintas CCAA, senón noutros países a través de programas de bolsas cada vez máis xeneralizadas.

Non podemos seguir polo tanto mirando só o xardín do veciño do lado, hai que levantar a vista e mirar cara ao horizonte, que sen dúbida é un horizonte tecnolóxico.